

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,  
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS  
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E  
SERVIZOS**

Día: 14.05.2019

Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de maio de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

### **Punto 1. Preguntas**

- 1.1 43943 (10/POC-007044)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón  
Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación coa elaboración dun plan de rexeneración do litoral afectado polas obras do porto de Sanxenxo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019*
- 1.2 45653 (10/POC-007297)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodríguez Pérez, Moisés e 9 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa resposta dada polo Ministerio de Fomento á proposta da Xunta de Galicia referida ao convenio de colaboración para a contratación e execución das obras do proxecto de construción da variante de Ponteareas, así como as xestións levadas a cabo e previstas para o seu impulso  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*
- 1.3 46227 (10/POC-007369)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da autorización do "Proxecto de drenaxe temporal da mina de Touro" presentado por Explotacións Gallegas, S.L., e a súa posible afección nos ríos Pucheiras e Brandelos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019*
- 1.4 47811 (10/POC-007598)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á aprobación dun plan de conservación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba segundo o establecido no Decreto 294/2008, así como o asinamento dos convenios de colaboración comprometidos cos concellos de Vimianzo e Laxe para labores de limpeza e sinalización deses espazos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019*
- 1.5 49110 (10/POC-007774)

Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos  
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 465, do 23.04.2019*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 44609 (10/PNC-003581)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre o desenvolvemento por parte da Xunta de Galicia dunha normativa específica concreta en materia de valorización dos residuos procedentes da construción destinados a operacións de restauración de espazos afectados por actividades mineiras  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019*
- 2.2 49189 (10/PNC-003974)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de degradación en que se atopa o complexo das colonias escolares de Covelo, no concello da Lama

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019

Jaime Castiñeira Broz  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

## Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.1      43943(10/POC-007044)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sñchez García, Antón

Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación coa  
elaboración dun plan de rexeneración do litoral afectado  
polas obras do porto de Sanxenxo

*Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2019 12:54:26  
**Nº Rexistro: 43943**  
Data envío: 17/01/2019 12:54:26.099



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**.

A veciñanza do entorno da praia de A Carabuxeira, no Concello de Sanxenxo, leva moito tempo denunciando a existencia de verquidos constantes neste areal: presenza de espuma, malos cheiros, algas e mesmo etiquetas coa palabra mexillón, polo que sospeitan que os verquidos poden proceder dalgunha depuradora.

A veciñanza ven alertando que esta agresión directa ao mar estase producindo moi a miúdo, que teñen feito diversas denuncias, peticións de investigación e busca de solución á problemática en distintas instancias sen resultado algún, poñendo o acento na deixadez das autoridades competentes.

Esta denuncia súmanse á que veñen realizando dende hai anos esta mesma veciñanza, afectada polo estado de deterioro da praia, que ten perdido gran parte da area e xa están as olas afectando aos inmobles máis próximos, debido ao cambio das correntes provocado pola construción ilegal do Porto deportivo de Sanxenxo.

Na construción do dique de abrigo do Porto de Sanxenxo, obra que se acomete nos anos 1997-98, concorren unha serie de irregularidades que causan un dano ata o de agora irreversible ao litoral deste coñecido enclave turístico galego.





O proxecto plantexouse seguindo as dinámicas irracionais das institucións naqueles anos. É dicir, tratábase dunha obra de gran envergadura, elevado coste de amortización e pensada para as elites. Basta sinalar que o proxecto non contempla as necesidades da flota pesqueira. Prodúcese un desprazamento do uso tradicional do porto pesqueiro de Sanxenxo en favor do deportivo, tanto en servizos de terra como en zona de fondeo, atraque e resguardo das embarcacións.

A obra realizouse a pesar das moitas irregularidades nas que se concorreu ante a pasividade ou complicidade da Xunta de Galicia.

Iniciouse a obra sen presentar o estudo de efectos ambientais, non houbo informes arqueolóxicos nin sobre patrimonio cultural, autorizouse a ampliación triplicando o espazo da concesión sen dar conta de afectación de ningún tipo e demais cacicadas para sacar adiante este proxecto sen ningún tipo de control por parte da administración.

Inexplicablemente, estas ilegalidades non tiveron a repercusión lóxica que sería unha orde de demolición, reposición ou derribo do construído. Todo quedou resolto coa redacción dun plan de rexeneración e medidas compensatorias que aínda hoxe está sen executar. Constituíuse un aval bancario por unha cantidade, a día de hoxe, manifestamente insuficiente, a cargo da empresa concesionaria.

O cambio na dirección das correntes mariñas producidas polo novo dique, entre outras desfeitas ecolóxicas, transformou nun pedregal a praia da Carabuxeira, afectando non só ao disfrute dos areais se non tamén aos muros, cimentacións das vivendas, instalación e acceso á praia.







A desfeita realizada no litoral Sanxenxino debería ser obxecto de estudo rigoroso e a rexeneración da praia da Carabuxeira tería que ser exemplar, para non afondar aínda máis nos xa graves problemas creados polas políticas baseadas na especulación.

En Marea xa defendeu unha iniciativa na que instamos ao Goberno da Xunta de Galicia a que iniciase os trámites para a recuperación da praia da Carabuxeira e o seu entorno, á reparación das vivendas afectadas e a devolución desa parte do litoral ao seu estado anterior á construción do Porto Deportivo que contou co voto negativo do PP, posición que mudou despois de que Telmo Martín accedese á alcaldía de Sanxenxo.

Tamén dende En Marea preguntamos ao Goberno galego sobre as actuacións que deberían levar a cabo para rexenerar esta parte do litoral, respondéndonos que a Xunta de Galicia propuxo a creación dun grupo de traballo coas 3 partes implicadas, mal formulado, xa que implicadas hai máis axentes, refírese a responsables (Costas, Concello e Portos) para establecer un plan de actuación en función das competencias de cada Administración neste ámbito.

Recentemente o Alcalde indicou ás veciñas do entorno da praia de Carabuxeira que o único que se intentara é un recheo de area, descoñecendo a súa viabilidade ademais de facer un paseo de formigón e tamén cubrir de cemento o único parque natural que queda nese entorno, mostrando o seu nulo interese por afrontar a solución ao problema e a súa total falta de sensibilidade ambiental, máis non debería sorprendere a ninguén tendo en conta que falamos dun alcalde do PP que ten feito manifestacións machistas e xenófobas e que está condenado por cobrar sobrecostes en vivenda protexida ou construír ilegalmente edificios en primeira liña de praia, un verdadeiro perigo público ao mando dunha administración local.





Esta situación é insostible e intolerable, polo que é preciso unha actuación urxente para acabar cos verquidos e comezar coa necesaria rexeneración desta parte do litoral sanxenino.

Polo anterior, presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Por que se ten chegado a esta situación sen que ninguén actúe?
- 2.ª) Cantas veces se reuniu a comisión a tres?
- 3.ª) Cales son as conclusións desas conversas?
- 4.ª) Xa conta a Xunta de Galicia con informes sobre o estado desta parte do litoral e as súas causas?
- 5.ª) Hai en marcha algún tipo de actuación de rexeneración?
- 6.ª) Está a Xunta de Galicia preocupada por esta situación?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando  
Antón Sánchez García  
Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 17/01/2019 12:12:49**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2019 12:54:26**  
**Nº Registro: 43943**  
Data envío: 17/01/2019 12:54:26.099



**Antón Sánchez García na data 17/01/2019 12:12:57**

CSX REGISTRO CpoIFr4-9  
Verificación  
<https://secta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 45653(10/POC-007297)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 9 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa resposta dada polo Ministerio de Fomento á proposta da Xunta de Galicia referida ao convenio de colaboración para a contratación e execución das obras do proxecto de construción da variante de Ponteareas, así como as xestión levadas a cabo e previstas para o seu impulso

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 45653**  
Data envío: 07/02/2019 14:22:34.845

## Á Mesa do Parlamento

**Moisés Rodríguez Pérez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

A finais do mes de novembro de 2018 a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade mantivo un encontro co alcalde de Ponteareas no que lle trasladou o compromiso do Goberno galego de contratar a redacción do proxecto da Variante de Ponteareas en canto o Ministerio de Fomento asinase o convenio de colaboración polo que este se comprometía a executala e financeira.

A proposta de convenio de colaboración formulada pola Xunta fora novamente remitida ao actual Ministerio de Fomento no mes de setembro, co obxectivo de concretar as responsabilidades que lle corresponde a cada Administración para materializar esta actuación, segundo os termos establecidos nun protocolo rubricado previamente entre as tres administracións.

Co cambio de Goberno no Estado parece que os compromisos teñen mudado. No mes de decembro coñecemos a resposta dada polo actual Ministerio de Fomento á proposta de convenio que se lle tiña remitido desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, onde o Ministerio eludía a súa responsabilidade de contratar e executar as obras, limitando ademais a súa achega económica.

Esta falta de compromiso por parte do Ministerio tense posto de manifesto, novamente, no proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2019 que se vén de presentar, onde o Ministerio se desentende do seu compromiso asinado de executar a obra, recollendo ademais unha partida claramente insuficiente para a súa execución.

Ante isto, os deputados e deputadas asinantes, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Que valoración fai o Goberno galego sobre a variante de Ponteareas da resposta dada polo Ministerio á proposta de convenio que lle foi remitida desde a Xunta no mes de setembro?

CSM-REXISTRO-XUTXvdvD-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2019 16:30:00  
Nº Registro: 45653  
Data envío: 07/02/2019 14:22:34.845**

2.- Que xestións ten realizado ou vai realizar a Xunta ante o Ministerio de Fomento para impulsar a Variante de Ponteareas, un proxecto estratéxico para esta vila e para toda a súa comarca?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 07/02/2019 14:09:24**

**Martín Fernández Prado na data 07/02/2019 14:10:24**

**Jaime Castiñeira Broz na data 07/02/2019 14:10:46**

**Jacobo Moreira Ferro na data 07/02/2019 14:10:57**

**Diego Calvo Pouso na data 07/02/2019 14:11:15**

**Marta Novoa Iglesias na data 07/02/2019 14:11:33**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 07/02/2019 14:11:53**

**Gonzalo Trenor López na data 07/02/2019 14:12:08**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/02/2019 14:12:33**



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.3      46227(10/POC-007369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da  
autorización do "Proxecto de drenaxe temporal da mina de  
Touro" presentado por Explotacións Gallegas, S.L., e a súa  
posible afección nos ríos Pucheiras e Brandelos

*Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/02/2019 13:38:19  
Nº Rexistro: 46227  
Data envío: 13/02/2019 13:38:19.714

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

No BOP da Coruña de 21 de xaneiro de 2019 Explotaciones Gallegas, S.L. (EXGA) solicita de Augas de Galicia a autorización para as obras recollidas no “Proxecto de drenaxe temporal da mina de Touro” situada entre os concellos de O Pino e Touro. Expediente: DH.W15.64849.

Este proxecto, según se recolle na súa introdución, faise a requeremento da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ten carácter temporal estando pendente de que se presente e aprobe o proxecto de drenaxe da explotación no seu conxunto e consiste no bombeo temporal das augas dos regatos Portapego, Felisa e balsa de Angumil (zona leste da mina) á corta de Vieiro (zona Oeste da Mina) para o seu posterior tratamento.

No proxecto recoñécese que estas augas que saen do perímetro da balsa mineira teñen un ph moi ácido e alto contido en metais pesados como consecuencia de entrar en contacto con materiais sulfurados o que pon de manifesto a ineficacia das medidas de control interno de efluentes e lixiviados que non resolveron nin melloraron o problema que soportan estas augas.

Argumentase que non se actuou nas augas do Portapego, Felisa e presa de Angumil porque a súa hiperacidez xerou un ecosistema de organismos extremófilos







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 13/02/2019 13:38:19

Nº Rexistro: 46227

Data envío: 13/02/2019 13:38:19.714

cun gran interese científico e que ademais dado o seu pequeno caudal non afectan na súa desembocadura á calidade das augas da conca receptora.

O proxecto que presenta agora a empresa EXGA, S.L. consiste no transvase temporal das augas desta parte da mina para o seu almacenaxe na lagoa de Vieiro. Estiman que esta balsa ten capacidade para albergar as augas por un período de 6,8 meses.

Non se contempla ningunha medida correctora da hiperacidez destas augas, cal vai ser o destino destas augas unha vez almacenadas nesta corta, nin que solución se implementará nestes tres ríos unha vez pasados eses 6,8 meses.

A vista destes antecedentes fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que opinión lle merece a ese organismo que EXGA,S.L. xustifique que non resolvera o problema da contaminación nun suposto “interese científico”? Considera apropiado que esta empresa esgrima que non hai afección aos ríos Lañas e Ulla (a onde verten estes regatos) polo alto caudal destes ríos que dilúe o aporte contaminante dos tres regatos que drenan da antiga mina?

2. Vai permitir ese organismo o bombeo dunhas augas fortemente contaminadas dunha bacía a outra sen previamente ser tratadas? Considera axeitada como solución para a contaminación dun río, secar este e trasladar as súas augas a outra zona?

3. Cal vai ser o destino destas augas unha vez almacenadas na corta de Vieiro?

CSV REXISTRO: hgi:td:MNF-5  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/02/2019 13:38:19  
Nº Rexistro: 46227  
Data envío: 13/02/2019 13:38:19.714

4. Ten previsto a posible afección destas augas á bacía do río Pucheiras, e do Brandelos do que é tributario este, (á que pertence esta corta) polas posibles filtracións desta lagoa?

5ª Que solución se propón para os regatos Portapego, Felisa e balsa de Angumil unha vez pasados eses 6,8 meses? Van voltar a verter cara o DPH sen ningunha medida de rexeneración?

6ª No proxecto de reapertura da mina de Touro contéplase como unha das primeiras actuacións o baleirado dos 1,8 millóns de m<sup>3</sup> de auga que almacena actualmente a balsa de Vieiro, cantidade á que hai que sumarlle os 312.000 m<sup>3</sup> que se contempla no transvase. Sería unha absoluta incongruencia e un contrasentido aumentar o volume de auga, ademais con unha altísima carga contaminante, desta corta para a continuación proceder ao seu verquido ao DPH.

Supón, por tanto, este proxecto de drenaxe actual a constatación de que o proxecto de reapertura da mina non se vai autorizar?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV REXISTRO-HG-ICL-MNF-5  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2019 13:38:19**  
**Nº Registro: 46227**  
Data envío: 13/02/2019 13:38:19.714

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2019 13:36:56**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2019 13:37:01**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2019 13:37:03**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2019 13:37:04**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2019 13:37:06**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2019 13:37:07**

CSV REGISTRO: hg1cdMNF-5  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.4      47811(10/POC-007598)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á aprobación dun plan de conservación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba segundo o establecido no Decreto 294/2008, así como o asinamento dos convenios de colaboración comprometidos cos concellos de Vimianzo e Laxe para labores de limpeza e sinalización deses espazos

*Publicación da iniciativa, 450, 27.03.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/03/2019 10:33:43  
Nº Rexistro: 47811  
Data envío: 15/03/2019 10:33:43.158

## Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Sendo Emilio Pérez Touriño o presidente da Xunta de Galicia, declarou paisaxe protexida por medio do Decreto 294/2008 os Penedos de Pasarela e Traba, un conxunto de elevacións graníticas situadas no noroeste da comunidade autónoma de Galicia, en plena Costa da Morte, entre os concellos de Vimianzo e Laxe, na provincia da Coruña.

En decembro de 2018 cumpríronse 10 anos, e con motivo deste aniversario os alcaldes de Laxe, en funcións, e o alcalde de Vimianzo, mantiveron unha xuntanza coa directora xeral de Patrimonio Natural na que, entre outros temas, trataron a necesidade de desenvolver o dito Decreto. Desta xuntanza xurdiu o compromiso de iniciar neste ano 2019 os traballos necesarios para elaborar o plan de protección de paisaxe protexido, colaborando cos concellos de xeito inmediato na sinalización e na limpeza; así como a explorar outras vías para poñer en valor esta paisaxe única. A día de hoxe, cando se achega a Semana Santa, e o verán, épocas de auxe turístico na Costa da Morte, os concellos non recibiron ningunha resposta por parte do Goberno galego, co cal é necesario preguntar por este tema.

O propio decreto poñía en valor esta formación rochosa destacando a súa singularidade e beleza, xa que forman “un impresionante pano de fondo visible, tanto desde a localidade de Pasarela como, dunha maneira especial, desde a área de Traba. Postos no areal que pecha a lagoa pódese contemplar unha das paisaxes máis fermosas da costa de Galicia.”

Testemuñas da nosa historia son as rochas que nos indican “os valores culturais como elemento singular nas paisaxes galegas, verdadeiros fitos aos que se lle asocian desde lendas e tradicións ata poderes curadores, tanto de enfermidades como, mesmo, de amores, desamores ou encantamentos”. “Non se trata unicamente de pedras amorfas e sen valor”, di o Decreto, “senón de elementos figurativos, preceptuais e culturais das paisaxes”.

Así no artigo 1º, establécese que “De conformidade co establecido na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, declárase paisaxe protexida o espazo natural coñecido como Penedos de Pasarela e Traba”. E no artigo 6º

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM: pspgfDwe4  
Centro de  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csm/





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/03/2019 10:33:43  
Nº Rexistro: 47811  
Data envío: 15/03/2019 10:33:43.158

relativo á xestión establecíase, entre outras cousas, que a consellaría competente é a responsable da xestión deste paraxe único. Isto implica, con carácter xeral a conservación e a protección dos elementos desta paisaxe e de maneira especial a protección e a conservación das rocas que integran esta paisaxe protexida. O Decreto ademais establece que fomentará o coñecemento desta paisaxe e promoverá a realización de programas de investigación e de educación ambiental. Tamén se promovería un desenvolvemento económico e turístico desa zona que fose respectuoso co medio.

Desde que o PP chegou ao Goberno da Xunta, este decreto permaneceu pechado nun caixón, e un lugar tan emblemático e único como son os Penedos non recibiu ningún tipo de atención, obviando un decreto que aínda permanece en vigor. Isto a pesar de que na disposición adicional primeira se marcaba un prazo de dous anos desde a entrada en vigor deste decreto, para que a consellaría competente en materia de medio ambiente aprobase o plan de conservación da paisaxe protexida Penedos de Pasarela e Traba.

Unha paisaxe protexida é aquela parte do territorio que as administracións competentes, a través do planeamento aplicable, e de acordo co Convenio Europeo da Paisaxe, consideran merecedoras dunha protección especial polos seus valores naturais, estéticos e culturais. Desde a aparición desta figura de paisaxe protexida son dúas as paisaxes galegas que, ademais dos valores citados, presentan unha relación harmoniosa entre o ser humano e o medio natural que xustifica a súa declaración oficial: Os Penedos de Pasarela e Traba nos concellos coruñeses de Vimianzo e Laxe, e o Val do río Navea nos concellos ourensáns de San Xoán de Río e a Pobra de Trives.


Sería preciso que a Xunta aprobase un plan de conservación que inclúa as accións que garantan a protección, a xestión e a ordenación desta paisaxe, co obxecto de evitar o deterioro do conxunto paisaxístico. Todo canto fixo o Goberno de Feijóo foi incluír un enlace na súa páxina *web* de Turismo. Nin sequera aceptou a invitación do Concello de Laxe para participar na mesa redonda que se celebrará ao día un de xuño, “Un impulso ao Plan de Conservación dos Penedos de Pasarela e Traba”.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cando vai o Goberno galego aprobar un plan de conservación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, tal e como se establece no Decreto 294/2008?

2ª) Vai incluír nese plan de conservación medidas de acción que garantan a protección, xestión e ordenación do espazo, co obxecto de evitar o seu deterioro?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2019 10:33:43**  
**Nº Registro: 47811**  
Data envío: 15/03/2019 10:33:43.158

3ª) Cando vai cumprir co compromiso adquirido, en novembro de 2018, cos concellos de Laxe e Vimianzo, asinando sendos convenios de colaboración para labores de limpeza e sinalización dos Penedos?

4ª) Que outras vías estuda o Goberno galego para poñer en valor esta paisaxe única?


Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 15/03/2019 10:24:10**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/03/2019 10:24:20**

**María Luisa Pierres López na data 15/03/2019 10:24:28**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.5      49110(10/POC-007774)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos

*Publicación da iniciativa, 465, 23.04.2019*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/04/2019 11:39:20  
**Nº Rexistro: 49110**  
Data envío: 12/04/2019 11:39:20.132



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**.

Membros do comité de folga de Transportes Pacholo S.L., empresa que realiza o transporte de Residuos Sólidos Urbanos (RSU) para SOGAMA como subcontrata da UTE formada por Renfe Mercancías-Logirail-Copasa , veñen de **rexistrar a convocatoria de folga indefinida que se desenvolverá a partir do vindeiro día 15 de abril.**

Os motivos da folga son de índole laboral e ambiental.

No laboral denuncian acoso laboral que rematou no despedimento de 8 traballadores en represalia polas súas reivindicacións.

Na xestión do transporte de SOGAMA téntanse establecer dúas clases de traballadores con diferentes condicións laborais, nas que se precariza a súa situación.

No ambiental os traballadores denuncian malas prácticas da empresa que producen danos medioambientais en forma de lixiviados que rematan contaminando os acuíferos.

O contrato de transporte dos residuos sólidos urbanos, de 140 millóns de euros, foi un dos contratos máis importante da Xunta de Galicia na pasada lexislatura, e consagra o modelo das subcontratacións que precariza as condicións dos traballadores do servizo.

CSM-REXISTRO01B1wovk4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





O servizo de transporte por estrada é prestado por Transportes Pocholo que, á súa vez, é unha subcontrata de COPASA, pero a responsabilidade final e principal da situación recae sobre a propia SOGAMA sociedade pública, cunha participación da Xunta de Galicia do 51% (49 % Naturgy).

É por iso que os traballadores teñen solicitado unha xuntanza con Javier Domínguez, o presidente da sociedade, que nin contestou dita solicitude.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:

- 1) Que está a facer a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores?
- 2) Por que o presidente de SOGAMA, o señor Javier Domínguez, non recibe aos traballadores de Transportes Pocholo?
- 3) Está ao corrente das denuncias por acoso laboral e por deficientes condicións ambientais do servizo?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/04/2019 11:39:20**  
**Nº Rexistro: 49110**  
Data envío: 12/04/2019 11:39:20.132



**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 12/04/2019 11:37:49**

**Marcos Cal Ogando na data 12/04/2019 11:37:56**

CSX4\_RREGISTRODTB1wovik4  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.            Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.1        44609(10/PNC-003581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o desenvolvemento por parte da Xunta de Galicia dunha normativa específica concreta en materia de valorización dos residuos procedentes da construción destinados a operacións de restauración de espazos afectados por actividades mineiras

*Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 17:47:11  
**Nº Rexistro: 44609**  
Data envío: 24/01/2019 17:47:11.524

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Casos como o expediente da canteira de Casalonga, no concello de Teo, no que se teñen presentado dous proxectos complementarios relacionados directa ou indirectamente coa xestión de residuos, un para tratamento de residuos de natureza orgánica e produción de biogas e compost, e outro para restauración ambiental do oco da canteira con residuos inertes de construción, deixan á vista as debilidades dunha normativa estatal e autonómica que na práctica faise pouco garantista e permite que a súa aplicación e interpretación interesada acabe contravindo o espírito e coherencia pola que esas normas foron redactadas. Pois asistimos a uso subrepticio destas disposicións para que, finalmente, moitas canteiras e explotacións mineiras acaben sendo grandes vertedoiros encubertos de diferentes materiais e natureza contaminante.

No caso da canteira de Casalonga ficaron en clara evidencia ditas debilidades e a intención de tentar facer dese espazo un grande vertedoiro encuberto, e vinculado a creación no mesmo lugar dunha planta industrial (fóra das previsións normativas

CSM-REXISTRO-UzeAS6hdV4  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csw/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 24/01/2019 17:47:11

Nº Rexistro: 44609

Data envío: 24/01/2019 17:47:11.524

urbanísticas) para producir compost e/ou tecnosolos que poderían acabar como material a engadir no recheo do oco, dentro dunha suposta restauración ambiental.

Facendo un repaso á normativa que ampara este tipo de prácticas escuras e pouco transparentes, debe recordarse que nestes dez últimos anos, asistimos que a realidade na aplicación combinada de dous Reais Decretos, o RD 105/2008, e o RD 975/2009, teñen coma resultado experiencias numerosas de creación de vertedoiros de residuos disfrazados e/ou agochadas en falsas restauracións ambientais.

Así, por unha banda, o Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestións dos residuos de construción e demolición, establece no artigo 13 que a utilización de residuos inertes procedentes de actividades de construción ou demolición na restauración dun espazo ambientalmente degradado, en obras de acondicionamento ou recheo, poderá ser considerada unha operación de valorización, e non unha operación de eliminación de residuos en vertedoiro, cando se cumpran unha serie de requirimentos, entre eles:

a) *Que o órgano competente en materia medioambiental da comunidade autónoma así o declare antes do inicio das operacións de xestión dos residuos.*

b) *Que a operación se realice por un xestor de residuos sometido a autorización administrativa de valorización de residuos...*

c) *Que o resultado da operación sexa a substitución de recursos naturais que, en caso contrario, deberían terse empregado para cumprir o fin buscado coa obra de restauración, acondicionamento ou recheo.*

O citado artigo recolle no seu apartado 3 que as administracións públicas fomentarán a utilización de materiais e residuos inertes procedentes de actividades





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 17:47:11**  
**Nº Rexistro: 44609**  
Data envío: 24/01/2019 17:47:11.524

de construción ou demolición na restauración de espazos ambientalmente degradados, obras de acondicionamento ou recheo cando se cumpran os requirimentos establecidos no apartado 1. En particular, promoverán acordos voluntarios entre os responsables da correcta xestión dos residuos e os responsables dos espazos ambientalmente degradados, ou cos titulares de obras de acondicionamento ou recheo.

Por outra, o Real Decreto 975/2009, de 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, establece no artigo 13, sobre “as medidas previstas para a rehabilitación do espazo natural afectado pola investigación e explotación de recursos minerais”, que o remodelado do terreo poderase efectuar mediante recheo con residuos mineiros propios da explotación ou residuos alleos ao oco de explotación creado, detallando que:

*d) Cando a entidade explotadora faga o recheo con residuos de procedencia non mineira o oco de explotación, xa sexa en superficie ou por laboreo de interior, rexistrará e certificará, sen prexuízo da normativa vixente de residuos e, en particular, a correspondente á eliminación mediante depósito en vertedoiro, que lles será de aplicación, a orixe e natureza destes residuos, anotándose no Libro de Rexistro definido no artigo 32, que estará a disposición da autoridade competente.*

Con relación a estas dúas disposicións debe mencionarse que ambas son produto da transposición feita polo Estado español na aplicación da Directiva 1999/31/CE, relativa ao vertido de residuos, e a Directiva 2006/21/CE, sobre a xestión dos residuos de industrias extractivas, e que permiten baixo unhas condicións moi concretas que poidan empregarse nas operacións de recheo de

CSX: REXISTRO-JzeAS8tV4-4  
Verificación  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
ep-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 17:47:11**  
**Nº Rexistro: 44609**  
Data envío: 24/01/2019 17:47:11.524

canteiras con residuos, pero sempre dependerá se dita intervención constitúe unha valorización ou unha eliminación de tales residuos. Esta interpretación foi motivo de sentenza por parte do TJUE, ditada o 28 de xullo de 2016, no caso C-147/15, ao respecto do réxime de autorización ao que debe estar suxeita a actividade de recheo dunha canteira clausurada en Italia, diferenciándose cando estamos ante unha operación de valorización (apta para uso de restauración de espazos degradados) ou diante dun uso dos residuos con destino a eliminación en vertedoiro.

Dende o BNG consideramos que estas disposicións estatais deben afondar máis nun desenvolvemento técnico normativo que aporte un maior contido e detalle na regulación destas operacións co propósito de pechar as portas traseiras que, na práctica, permiten subverter as restauracións de espazos degradados e acaben sendo vertedoiros encubertos e cun alto risco de contaminación nos territorios inmediatos onde se emprazan. O contido do articulado actual do RD 105/2008, nomeadamente no seu artigo 13, debería dotarse dun contido máis desenvolto aportando unha redacción clara e garantista que non deixe dúbidas de interpretación que permitan execucións que acaben coma vertedoiros, de forma que se reforcen os criterios de control e xestión das operacións de valorización en relación ao RD 975/2009.

Tamén cabe destacar que Galiza é unha das poucas comunidades autónomas que non ten desenvolto regulamentos específicos en materia de xestión e control no uso dos residuos de construción, polo que non ten avanzado nin dotado de mecanismos máis eficientes para poñer freo a estas malas prácticas, abusivas e con consecuencias altamente contaminantes para o territorio e a poboación próxima. A única previsión neste eido feita pola administración galega é de hai 13 anos, a Resolución do 17 de xuño de 2005 pola que se aproba o Programa de Xestión de

CSX: REXISTRO-JzeASbHv4  
Verificado  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 24/01/2019 17:47:11

Nº Rexistro: 44609

Data envío: 24/01/2019 17:47:11.524

Residuos de Construcción e Demolición de Galicia 2005-2007 (DOGA, anterior á normativa estatal, e só coa previsión dun período de 2 anos).

Neste sentido, cabe destacar que comunidades coma Euskadi están á fronte desta materia, e ten aprobado normativa propia, mediante a Orde de 12 de xaneiro de 2015, pola que se establecen os requirimentos para a utilización dos áridos reciclados procedentes da valorización de residuos de construción e demolición, e o Decreto 112/2012, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición. Máis tamén Aragón (Decreto 117/2009), Canarias, Cantabria (Decreto 72/2010), Castilla-La Mancha (Decreto 189/2005), Extremadura (Decreto 20/2011), Madrid (Orde 2726 / 2009) ou Navarra (Decreto Foral 23/2011).

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que se dirixa ao Goberno do Estado para que de inmediato proceda a unha modificación do Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e do Real Decreto 975/2009, de 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, no que teñen que ver coas intervencións de restauración de espazos degradados con residuos valorizados, de modo que a súa aplicación sexa máis garantista á hora de evitar que estas operacións acaben converténdose en vertedoiros encubertos.

CSV REXISTRO-XERASB04V4  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 17:47:11**  
**Nº Rexistro: 44609**  
Data envío: 24/01/2019 17:47:11.524

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que, no exercicio das súas competencias en materia de medio ambiente, desenvolva normativa específica concreta en materia de valorización dos residuos de construción destinados a operacións de restauración mineira para evitar que acaben converténdose en vertedoiros encubertos.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 17:46:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 17:46:09**

CSV REXISTRO-JzeAS8htv4  
Verificación  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
ep-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 17:47:11**  
**Nº Registro: 44609**  
Data envío: 24/01/2019 17:47:11.524

**Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 17:46:11**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 17:46:12**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 17:46:14**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 17:46:16**

CSX: REGISTRO-JzeAS8tqv4  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 14.05.2019                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2      49189(10/PNC-003974)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en  
relación co estado de degradación en que se atopa o complexo  
das colonias escolares de Covelo, no concello da Lama  
Publicación da iniciativa, 465, 23.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/04/2019 10:47:35  
Nº Rexistro: 49189  
Data envío: 16/04/2019 10:47:35.000

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## Exposición de motivos

Rosalía Crego Navarro, na súa obra “Las colonias escolares durante la Guerra Civil. (1936-1939)” concluía que cumpriran unha función educativa de grande importancia (...) podendo falar dunha auténtica renovación pedagóxica. Tratouse, en suma, dunha escola activa e creadora, dotada de obradoiros, en contacto coa natureza e con variadas actividades artísticas, literarias ou musicais. Trataron de se converter en auténticas comunidades educativas, segundo a mesma investigadora.

Nesa mesma liña, as Colonias Escolares de Covelo, no concello pontevedrés de A Lama, foron un colexio anual, gratuíto, de oito graos con todas as materias académicas, onde se impartían ademais clases de oficios, tales como costura, bordado, cantería ou solfeo. Serviron para financiar a carreira dos mellores alumnos e crearon un parque botánico chamado “Florestas” en toda a extensión da finca de máis de 40.000 metros cadrados con horta, especies arbóreas e plantas traídas de todos os puntos da xeografía mundial para que as crianzas aprendesen natureza e botánica. A finca tiña tamén piscinas de pedra natural da zona. Fora o filántropo Manuel Barreiro Cavanelas quen as fundara de maneira altruísta dentro da “Fundación Patronato das Colonias Escolares de Covelo”, fundación que foi extinguida pola Xunta de Galicia en marzo de 2018, pasando as Colonias a ser propiedade do Concello de A Lama que, curiosamente, manifestou que non as quere e presentou un recurso contencioso-administrativo contra a Orde da Consellería de Educación, xusto despois de que así o fixera a Asociación de Vecinos de Laxedo.

O complexo, tanto as construcións como a propia finca, está na actualidade tremendamente degradado e require dunha profunda rehabilitación, debendo ser as diferentes institucións as que se senten para manter o obxectivo orixinario de destino a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO-BOV-HBLLG  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/04/2019 10:47:35**  
**Nº Rexistro: 49189**  
Data envío: 16/04/2019 10:47:35.000

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación ao complexo das Colonias Escolares de Covelo, no concello pontevedrés de A Lama, a:

1. Participar nunha mesa de diálogo, xunto con outras administracións e colectivos interesados, para rehabilitar o complexo e manter o obxectivo orixinario de destinalo a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental das mesmas.
2. Catalogar as especies arbóreas da finca de máis de 40.000 metros cadrados que envolven os edificios das Colonias e protexelas, de ser o caso.

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/04/2019 10:46:03**

**María de la Concepción Burgo López na data 16/04/2019 10:46:09**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/04/2019 10:47:35**  
**Nº Registro: 49189**  
Data envío: 16/04/2019 10:47:35.000

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/04/2019 10:46:15**

**María Luisa Pierres López na data 16/04/2019 10:46:19**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/04/2019 10:46:24**

CSX, REGISTRO/bav0fBIL6  
Verificado  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)